

que o orzamento definitivo cuns ingresos e gastos por importe de 15513202,34 euros. A execución do orzamento de gastos obsérvase que se executaron o 77,41% dos créditos definitivos e os ingresos foron do 72,44% das previsións previstas o cal reflexa un resultado orzamentario positivo, importe de 283323,29 e un remanente de tesourería de 3430961,61 euros, que ofrece un aforro neto positivo o que supón, que o Concello poderá asumir operacións de créditos cuns gastos pendentes de imputación orzamentaria a 31.12.2018 por importe de 343498,43 euros. En canto ao cumprimento obxectivo de estabilidade da débeda de gasto, do límite de endebedamento con motivo da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2018 o máis destacable é que o período medio de pagamento a provedores e como conclusión, en cumprimento da débeda de gasto esta liquidación cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, arroxando unha capacidade de financiación ao peche do exercicio de 128963,43 euros, cumpre co obxectivo da regra do gasto e cumpre co límite de endebedamento, cun volume de débeda viva que ascende a 920793,65 euros.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que quere confirmar o que xa manifestou na Comisión Informativa. Estráñalle que hoxe non se traia a dación de pago medio a provedores que xa está colgado na web municipal aínda que non se levou á Comisión, nin hoxe ao Pleno. Ve que se están incrementando, unha vez máis, os períodos medios de pago, se tarda cada vez máis en pagarlles aos provedores e se seguen quedando cantidades moi elevadas de cartos en cada trimestre sen pagar.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o propio informe sinala que hai un nivel de execución pouco superior ao 70% o que quede dicir que quedan moitas cousas por implementar, e a maioría son obras, segundo a relación que lle achegaron na Comisión das obras pendentes, adxudicadas, pendentes de empezar. Respecto ao remanente positivo, di o mesmo que lle dixo ao anterior goberno antes da moción de censura, falábase dunhas magnitudes de catro millóns de euros entre cartos sen executar e obras pendentes e agora vaise camiño de igualar ou superar a situación que había daquela, polo que non se pode congratular estas contas.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o período medio de pago dos provedores da liquidación do orzamento do ano 2017 é de 24,76 días e agora pásase a 8,98 días, por iso non entende moi ben no que se basean para dicir que aumentou. Pese ao que tivo que asumir o concello, así o 05.12.2018 aprobouse un recoñecemento extraxudicial de crédito dunha morea de facturas que se corresponden a exercicios anteriores de electricidade, que aumentan o período medio de pago, por non lembrar a factura do campo de fútbol de Maniños que quedou pendente nun caixón durante practicamente un ano e que o anterior goberno non foi quen de asumir. Respecto da execución das obrigas, en concreto as inversións que se mencionaron, pode dicirlle que o Capítulo 6 de investimentos aumenta dun xeito moi importante, pero o Capítulo 6 en canto aos ingresos vese incrementado pola aplicación do superávit. O que quere dicir é que dende o 6 de abril, no que este goberno tomou posesión, pode dicir que este goberno liquidou 961829,64 euros. No 2017, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro, no Capítulo 6 de inversións executaron un total de 512390,96 euros. Por todo isto di que o sentido da liquidación é positivo, o estado de execución é dun 77,41% e quere salientar que o capítulo de gasto corrente tivo uns axustes, en concreto 709585,54 de recoñecementos extraxudiciais de créditos que se tramitaron no 2018, que se corresponden con obrigas de anos anteriores que non foron asumidas. Tamén o axuste do pagamento da EDAR de anos anteriores 216870,60 euros, da cota de pagos infantís de anos anteriores de 90277,87, froito das modificacións presupostarias que se fixeron logo de abril de 2018. Quere deixar claro que o seu goberno non gastou máis do que tiña. Tamén salienta o capítulo de persoal, que é do que se estivo nutrindo as contas municipais para ter o superávit, esa falta de gasto en materia de persoal debido ás xubilacións producidas e que, por normativa non municipal, non se puido asumir cubrir cunha nova oferta de emprego, pero si se estivo suplindo a través das listaxes de interinaxe. Foi un orzamento que entrou en vigor en setembro de 2018, que tivo que facer fronte a obrigas de anos anteriores e o goberno está satisfeitos respecto do Capítulo 6 de inversións reais. Di que practicamente duplicouse o gasto do ano anterior e estas son as contas.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que non quere rebater unha a unha o que dixo a concelleira de Facenda, pois son todas verdades a medias. Respecto do que dixo que non entendía respecto do período medio de pago dille que aos efectos da contabilidade oficial cambiou a principios do ano 2018, polo que as comparativas dos anos anteriores, calculado como se facía antes, no primeiro trimestre de 2018 foi de 26,36 días, outra cousa é o cálculo dende que se aproban as facturas na Xunta de Goberno, que é como se contabiliza agora; no segundo trimestre foi de 42,62 días, no terceiro 34,56 días e no cuarto 59,72 e neste xa se vai a 62,33. Reitera que ese non é o cálculo que agora se aplica á regra de gasto, porque

cambiou no primeiro trimestre do ano pasado, segundo xa se dixo nalgunha ocasión. O caso é que cada día os provedores do Concello cobran máis tarde.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que contesta ao voceiro do grupo municipal do BNG, que respecto do período medio de pagamento que no primeiro trimestre de 2018, no que vostede era alcalde, era de 4,84 días. Di que houbo facturas como a do campo de fútbol, que estivo un ano no caixón sen levar á Xunta de Goberno Local.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, contéstalle que xa se lle explicou en tres ou catro ocasións.

Prosegue a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, dicíndolle que non lle vale que diga que non estaba de acordo cando non fixo nada para tramitar este expediente. O período medio de pago o establece unha lexislación para todos os Concello, iso é un tema legal que está previsto e o seu goberno cumpre a Lei. Dille que non pode dicirle que os provedores agora non cobran e antes, co seu goberno si. Se se revisa a liquidación do ano 2017 pódese comprobar o estado de gasto. O que se asumiu dende abril de 2018 respecto da tramitación das facturas da electricidade supuxo moito esforzo, así se veu no último expediente extraxudicial, e iso puido supor que non se tramitase coa mesma celeridade que vostede fixo. Se as cousas estivesen ben feitas e os expedientes ben formados, se o seu goberno tivese feito o expediente no que afirmou que se devolveron as facturas por non estar de acordo non suporía este esforzo que tivo que facer os servizos económicos. Por último, quere salientar algo que xa se tratou con eses expedientes financeiramente sostibles que se fixeron cargo dos gastos financeiros di que a día de hoxe amortizouse a débeda que había coas entidades financeiras. Isto tamén se fixo no exercicio 2018.

Os concelleiros danse por informados.

0-0

09E

001

4. Mocións urxentes

0-0

O alcalde anuncia que o partido Socialista presentou unha moción aproximadamente hai dous meses e hoxe tráese para que non quede pendente nesta lexislatura.

Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista sobre a modificación da Ordenanza núm. 25, reguladora do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana

Preséntase a seguinte Moción do grupo municipal Socialista:

“O Grupo Municipal Socialista de Fene, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a Modificación da Ordenanza 25, Reguladora do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana para a supresión ou cando menos a redución substancial do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana para as transmisións por causa de morte ou pactos sucesorios inter vivos (apartación ou mellora) e valor inferior a 250.000,00 €.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 25, REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA, PARA A SUPRESIÓN OU CANDO MENOS REDUCIÓN DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA PARA AS TRANSMISIÓNS POR CAUSA DE MORTE E VALOR INFERIOR A 250.000,00 €.

ANTECEDENTES

1.- Logo de ver, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (BOE 59 do 9 de marzo de 2004), en atención ao artigo 59, á Subsección 6ª (artigos do 104 ao 110) e especialmente os artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4, que regulan o imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

2.- Logo de ver, a Sentencia do Tribunal Constitucional 59/2017 de 11 de maio de 2017, que declara inconstitucionais e nulos, na medida en que sometan a tributación situacións de inexistencia de incremento de valor, os artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

3.- Logo de ver, a doutrina do Tribunal Constitucional sobre os principios do artigo 31.1 da Constitución Española.

4.- Logo de ver, a Sentencia do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso, Nº 1163/2018, Rec. 6226/2017 de 9 de xullo de 2018, que establece a obriga do administrado de acreditar a minusvalía da propiedade, a transmitir, para xustificar a non aplicabilidade do imposto de sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana que está regulado no TRLRFL.

5.- Logo de ver, a Ordenanza 25 do Concello de Fene, Reguladora do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Entendendo, que a actual regulación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, ten presentado numerosas dúbidas, tanto respecto á aplicabilidade dalgúns dos seus aspectos, como da axeitada regulación respecto ao feito impoñible.

Visto o Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (BOE 59 do 9 de marzo de 2004), atopamos que:

A regulación do imposto contempla que as transmisións de inmobles se realizan, en todos os casos, con incremento de valor, cando isto non é sempre así. Situación que se puxo especialmente de manifesto a consecuencia da crise económica a partir do ano 2009.

D-0
093
150
P-
F:
TC

A pesar de que a sentenza do TC 59/2017, de 11 de maio de 2017, veu a poñer límites a aplicabilidade dos artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4 do TRLRFL, amparando a numerosos contribuíntes que sufrían as actuacións dos seus concellos, que, en non poucos casos, pretendían gravar transmisións de propiedades en perdas.

A sentenza do TC 59/2017, de 11 de maio de 2017, provoca unha situación de inseguridade xurídica, ante a cal, numerosos concellos, seguindo a recomendación da Federación de Municipios e Provincias, paralizan temporalmente o cobro do imposto.

Ante a demanda dos concellos e as asociacións supra-municipais o Tribunal Supremo intervén, a través da STS 6226/2017, de 9 de xullo de 2018, pero lonxe de resolver o problema, só faculta ás administracións locais, para volver a aplicar este imposto, na práctica, sen control algún.

Así, se lexitima o cobro indiscriminado do imposto por parte dos concellos. Faise recaer sobre o contribuínte a acreditación das transmisións realizadas a perdas ou sen incremento de valor. Pero non fixa os mecanismos ou procedementos para poder realizalo, provocando de novo, a absoluta indefensión dos contribuíntes ante a administración local.

Polo cal, resulta urxente, unha axeitada regulación deste imposto que manteña o equilibrio axeitado entre o dereito dos concellos a utilizar esta figura impositiva e os dereitos dos contribuíntes, especialmente no que se refire á interpretación do TC do artigo 31.1 da Constitución Española.

Noutro orde, na aplicación do imposto, véñense producindo situacións inxustas e contrarias ao feito que se pretende gravar. Así, en boa parte das transmisións por causa de morte, a transmisión dun inmovible, ou unha parte do mesmo, ao cónxuxe, ou a descendentes e herdeiros legais, o imposto, unicamente ben a incrementar a precariedade da súa nova situación vital e económica.

Así, podemos ver, nos casos máis graves, que á desgraza do falecemento dun dos cónxuxes, provoca que a unidade familiar vexa reducidos os seus ingresos. Este incremento da precariedade da súa situación económica, vese acrecentada polo imposto sobre o incremento do valor de terreos de natureza urbana, no momento de realizar a transmisión ao cónxuxe e os seus fillos da vivenda familiar. Vivenda que, en moitos casos, xa viñan utilizando.

En definitiva, á desgraza do falecemento dun membro da unidade familiar, que xa de por si, reduce os ingresos e torna máis precario o nivel de vida da unidade familiar é complementada pola actuación da administración local, cun imposto, que na práctica so serve para poder seguir usando a vivenda familiar. Un feito, sen lóxica algunha, que se debe corrixir.

E nos casos máis leves, a herdanza das propiedades urbanas familiares, non provoca nos seus herdeiros, na súa recepción, máis que gastos que tamén son agravados pola acción da administración local. Entendemos, que nestes casos, non é razoable a aplicación, nesta transmisión, do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana. Outra cousa, sería que se puidese realizar a aplicación dese imposto, no momento que se producise a venda da propiedade a terceiros.

Parece razoable promover a supresión, ou cando menos a redución substancial, do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana para as transmisións de propiedades urbanas por causa de morte ou pactos sucesorios inter vivos (apartación ou mellora) e valor inferior a 250.000,00 €, co obxecto, de evitar, que este feito impositivo actúe con crueldade fiscal sobre situacións, xa de por si delicadas.

Proposta

1.- Promover a supresión ou cando menos a redución substancial do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana para as transmisións de propiedades urbanas por causa de morte ou pactos sucesorios inter vivos (apartación ou mellora) e valor inferior a 250.000,00 € a través do estudo e no seu caso aprobación dalgunha das seguintes medidas:

D-0
09E
151
-d
E:
TC

1.- Modificación da ordenanza 25. Reguladora do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana nos apartados que se relacionan:

1.a).- Opción a)

No artigo 2º (Natureza e feito imponible)

Substituír o Artigo 2º.2º.-, polo texto que sigue:

Artigo 2º. 2º.- O título a que se refire o apartado anterior consistirá en:

- a) Negocio xurídico "mortis causa", con excepción das transmisións inferiores a 250.000,00 €.
- b) Declaración formal de herdeiros "ab intestado", con excepción das transmisións inferiores a 250.000,00 €.
- c) Negocio xurídico "inter vivos", sexa de carácter oneroso ou gratuíto, con excepción dos pactos sucesorios inter vivos (apartación ou mellora) en transmisións de propiedades urbanas de valor inferior a 250.000,00 €.
- d) No caso de realizarse máis dun pacto sucesorio (apartación ou mellora) ao mesmo/a ou mesmos/as beneficiarios/as , o valor de cada unha das transmisións de propiedades urbanas, a cada beneficiario/a sumárase aos efectos do límite de 250.000,00 €.
- e) Alleamento en poxa pública.
- f) Expropiación forzosa.

1.b).- Opción b)

No Artigo 4.- (Exencións) engadir un novo apartado e)

- e) A transmisión de bens inmóbeis entre cónxuxes ou a favor dos fillos ou herdeiros legais como consecuencia do falecemento do titular ou de pactos sucesorios inter vivos (apartación ou mellora), Sempre que o valor da transmisión das propiedades urbanas non supere os 250.000,00 €.

No caso de realizarse máis dun pacto sucesorio (apartación ou mellora) ao mesmo/a ou mesmos/as beneficiarios/as , o valor de cada unha das transmisións de propiedades urbanas, a cada beneficiario/a sumarase aos efectos do límite de 250.000,00 €.

1.c).- Opción c)

No artigo 14 (Bonificacións)

No artigo 14.- Engadir neste artigo un apartado b) e outro c)

- b) Ao abeiro do recollido no apartado 4 do artigo 108 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (BOE 59 do 9 de marzo de 2004), acordar unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte ou pactos sucesorios inter vivos (apartación ou mellora) a favor dos descendentes e porfillados, os cónxuxes e os ascendentes e porfillantes. Sempre que o valor da transmisión das propiedades urbanas non supere os 250.000,00 €.

No caso de realizarse máis dun pacto sucesorio (apartación ou mellora) ao mesmo/a ou mesmos/as beneficiarios/as , o valor de cada unha das transmisións de propiedades urbanas, a cada beneficiario/a sumarase aos efectos do límite de 250.000,00 €.

- c) No caso de persoas recoñecidas co Grado III. Gran dependencia ao amparo la Lei 39/2006, de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia corresponderanlle as seguintes bonificacións :

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 2 IPREM, 100 % de bonificación da cota íntegra do imposto.

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 2,5 IPREM, 80 % de bonificación da cota íntegra do imposto.

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 3 IPREM, 75 % de bonificación da cota íntegra do imposto.

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 3,5 IPREM, 70 % de bonificación da cota íntegra do imposto.

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 4 IPREM, 60 % de bonificación da cota íntegra do imposto.

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 4,5 IPREM, 50 % de bonificación da cota íntegra do imposto.

1.d).- Opción d)

No artigo 15 (Devengo)

Substituír o Artigo 15º.1º.-a), polo texto que sigue:

“Artigo 15º.1º.- O imposto devengase:

- a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, entre vivos ou por causa de morte na data de transmisión. Agás nos casos das transmisións por causa de morte ou pactos sucesorios inter vivos (apartación ou mellora) que non superen os 250.000,00 €. Nestes casos a liquidación do imposto poderá realizarse de xeito voluntario non momento da transmisión, ou obrigatoriamente non momento de realizar unha venda a terceiros. Neste último caso o período a liquidar será a suma dos anos transcorridos dende a

D-0
09E
150
-d
-E
-C

transmisión inicial.

No caso de realizarse máis dun pacto sucesorio (apartación ou mellora) ao mesmo/a ou mesmos/as beneficiarios/as, o valor de cada unha das transmisións, a cada beneficiario/a sumarase aos efectos do límite de 250.000,00 €.

2.- Instar ao goberno municipal, para que informe á veciñanza afectada por liquidacións do Imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, da posibilidade de acreditar a minusvalía do ben a transmitir, co obxecto de eximir de gravame a transmisión de propiedades.

Visto o disposto no artigo 15º apartado 2 da Ordenanza 25 Reguladora do Imposto Municipal sobre o Incremento do Valor do Terreos de Natureza Urbana do Concello de Fene e a Sentencia do Tribunal Constitucional 59/2017 de 11 de maio de 2017, que declara inconstitucionais e nulos, na medida en que sometan a tributación situacións de inexistencia de incremento de valor, os artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, ampliar a información a todos/as afectados/as pola liquidacións do Imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana realizada nos 5 anos anteriores ao 11 de maio de 2017.

3.- Iniciar unha reforma integral da ordenanza 25, co obxecto de dotar ao Concello de Fene dun tratamento axeitado do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, definindo os procedementos para determinar a existencia de plusvalía ou non, asumindo a administración, a determinación e proba deste feito, así como un tratamento fiscal progresivo e acorde cos incrementos reais de valor dos terreos de natureza urbana."

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que xustifica a súa urxencia no sentido de que moción presentouse hai dous meses e pediron que viñese cos informes pertinentes. Entende que se trata dunha moción presentada en tempo e forma e que se debe debater dentro da lexislatura antes de que remate. Este é o derradeiro Pleno ordinario da lexislatura, polo que entende que o seu grupo ten dereito a que se debata.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que o seu grupo votará a favor da urxencia debido ao tempo que leva presentada.

Ao non haber máis intervencións o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou incluír na orde do día, por urxencia, a Moción transcrita.

Abre o debate o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a razón da Moción é a convicción que ten o seu grupo que esta Ordenanza e a lexislación ao respecto producen situacións inxustas aos administrados. Parte desas inxustizas xa foron recollidas na sentenza do Tribunal Constitucional ao declarar inconstitucionais ou nulos as tributacións cando non existe un incremento de valor e anulaba determinados artigos da Lei de facendas locais. Desgraciadamente, logo houbo outra sentenza do Tribunal Supremo que estableceu a obriga para o administrado de demostrar que non houbo minusvalía ou que non houbo plusvalía para que o imposto non se aplique. A súa propia regulación é inxusta xa que penaliza dun xeito uniforme, dependendo do número de anos transcorridos o feito de que se produza plusvalía ou non. Por iso, se poden atopar propiedades urbanas na que se produce unha plusvalía do 1% e a partir de aí, aplícaselle a norma en función dos anos transcorridos dende a transmisión, podéndose atopar con outra propiedade co que o incremento sexa dun 300% que se lle aplicará exactamente a mesma normativa. Por outro lado sinala que a Administración non comproba se hai plusvalías, dá por feito que o solo das propiedades urbanas necesariamente incrementa de valor co transcurso dos anos, falsidade que resulta evidente en moitas zonas do territorio español, porque hai zona que aprecian o seu valor ou ben o deprecian, en función do mercado, pero que se pon especialmente de manifesto a partir dos anos 2008 – 2010 coa crise económica. Por iso pensa que o imposto se deseña e axusta dun xeito totalmente inxusto e contrario ao espírito redactado pola Constitución, concretamente do artigo 31 que di que todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos, de acordo coa súa capacidade económica, mediante un sistema tributario xusto, inspirado nos principios de igualdade e progresividade que en ningún caso terá alcance confiscatorio. Non é xusto que se cobre unha plusvalía cando a Administración non sabe, nin ten comprobado, se se produciu ou non. Por outro lado, non hai igualdade nin progresividade cando resulta que a calquera tipo de aumento de valor se lle aplica a mesmo imposto, só varía no número de anos e non nos incrementos reais que se produzan. Non cuestiona que exista un

imposto sobre as plusvalías cando sexa real e se produza. Aínda é máis inxusto cando non se lle informa aos veciños cando se aplican as plusvalías que, se consideran que non houbo plusvalía, teñen dereito a demostralo e a que non se lle aplique o imposto. Ata a sentenza do Constitucional houbo un tempo no que non se aplicou o imposto por falta de seguridade xurídica, por iso considera que non van saber máis os administrados que as Administracións. Por último di que a realidade ofrece algúns casos de que o imposto se converte en confiscatorio e pon por exemplo o caso dun matrimonio onde cobre só un dos cónxuxes. Que teña fillos que non traballan e viven con eles, que morre a persoa que traballa o que provoca a redución dos cartos que entran na casa, xa que as pensións de viudedade están no 50 ou 55%. Esta familia que ten unha casa en propiedade, con este imposto, supón que o 50% da casa a reciben a maiores, que se trata dun beneficio e que por iso se lle vai cobrar un imposto a maiores, por iso que se poidan producir este tipo de situacións parécelle lamentables. Tamén se producen inxustizas por fillos que herdán dos seus pais, pois todos saben que as propiedades producen gastos e que os beneficios, se os hai, producíranse, se é o caso, no momento da venda. Pensa que tal e como está pensado o imposto é unha situación inxusta, incluso a sentenza do Constitucional parécelle moi limitada, probablemente influída porque eliminar este imposto na Administración local pode supor unha quebra importante, sobre todo para aquelas que non están saneadas, que non é o caso de Fene, aínda que lle parece máis dramático que o Tribunal Supremo lle dese validez aos artigos da Lei de Facendas, porque para os administrados, na práctica, debería ser máis rendible poder demostrar a plusvalía ou minusvalía que pagar o imposto, que non o é, porque vese o que custa unha taxación e o que custa o imposto. Por iso pensa que mentres non se reforme a normativa a nivel estatal, que é moi urxente, dende o ámbito local pensa que hai marxe para actuar. Hai catro posibilidades de actuación que son primeiro na Ordenanza núm. 25 no seu artigo 2, definindo a natureza e o feito imponible, eximindo directamente de tributación as propiedades cunha taxación inferior a 250000 euros, cifra que pon como orientativa. Tamén pensa que se pode actuar no artigo 4, dende as exencións, regulándoas para as propiedades de valor inferior á mesma contía e para as herdanzas de fillos e herdeiros legais. Pódese actuar dende as bonificacións, dentro do previsto na propia lexislación, acordando unha bonificación xeral da cota do 95% para as transmisións lucrativas por causas de morte ou pactos sucesorios inter vivos da partición ou mellora co mesmo límite económico. As bonificacións tamén pensa que é importante recoñecer, sen límite económico, para os grandes dependentes igual que se regulan case que todos os impostos municipais, incluso estatais, por iso pensa que as bonificacións deben ser en función do grao de dependencia, entendendo que as persoas que por enfermidade ou accidente padecen tal situación. Por último, tamén hai outra possibilidade, a máis limitada, que sería actuar no ámbito municipal. Isto tería un impacto económico limitado, que aprazaría no tempo os ingresos das arcas municipais que sería actuar no artigo 15.1, posibilitando que o pagamento das plusvalías non sexa obrigado facelo nun prazo de tempo. Fala das herdanzas e nunca para o caso da venda, de xeito que a plusvalía se pague no momento no que se transmita a unha terceira persoa, é dicir, no momento no que os herdeiros si reciben algún beneficio económico. Así actuaríase nesos casos máis graves de herdanzas para persoas con situacións económicas máis limitadas, posibilitando que os bens se poidan vender no mellor momento, e poder cobrarlles o imposto cando hai un incremento de valor real, segundo o espírito do artigo 31 da Constitución.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que xa hai uns meses houbo un debate semellante e falouse destas posibilidades. Di que aquí hai un problema, non hai informes polo que non sabe cal sería o alcance das bonificacións que se están a propor. Hai que ter en conta que as sentenzas nomeadas instan ao goberno do Estado a que modifique a Lei e iso aínda non se fixo, por iso pensa que facer unhas modificacións que poidan supor que aos tres meses non entren en vigor porque xa o modifique a Administración central tamén pode ser arriscado. Ten dúbidas sobre o importe de 250000 euros, porque non sabe exactamente a que se refire, se son os valores catastrais, xa que o único valor que se ten en conta é o do terreo, por iso esta cantidade parécelle excesivo para Fene e pensa que se debía reducir ese valor. O valor do solo dun piso en Fene pode estar entre 6000 ou 8000 euros. É difícil poder adoptar un valor sen saber o que suporía ou a cantas persoas lles podería afectar. O seu grupo ve ben facer estas modificacións, comparte moitos argumentos da moción, pero ao non ter ningún informe a súa postura vai ser a abstención para que se poida traballar neste sentido.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que compartindo o dito polo voceiro do grupo municipal Socialista, tamén está de acordo en que debía ser o Estado quen modificase isto. Gustaríalle que a Moción non viñese coas distintas opcións, senón que se puidesen sentar e valorar cal sería a máis axeitada para Fene, sobre todo porque hai algunhas cousas ditas que son certas, isto é pagar sobre o xa pagado e o que xa lle pertence a un, con independencia da merma económica que pode supor o mesmo falecemento dunha persoa, así hai familias que renuncian as súas herdanzas precisamente porque non se pode

facer fronte aos impostos. Por iso, aínda compartindo o dito polo voceiro Socialista, por precaución, vaise abster.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o goberno lamenta que por distintas cuestións, no trimestre no que se está e polos expedientes que se estiveron a tramitar, motivou que isto fose imposible tramitalo como un expediente. O actual goberno xa lle transmitiu ao voceiro do grupo municipal Socialista que coinciden con moitas cousas, como a rebaixa e incluso a supresión da plusvalía. O goberno actual xa ten demostrado cal é a súa política que é a baixada dos impostos e pon como exemplo a rebaixa, no 2018, do tipo impositivo do IBI, a imposición de bonificacións ás familias numerosas, a redución dos tipos impositivos nas distintas actividades, a bonificación dos vehículos, exencións por minusvalías e demais. Todos son conscientes de que os tempos son os que son. Produciuse un certo movemento no aspecto recadatorio cun claro obxecto de baixada dos tipos impositivos pero non pode esquecer que cando se baixa por un lado hai que manter o que xa hai. Neste sentido a plusvalía está totalmente conforme coa exención mortis causa cun límite, co mesmo sentido que se aplica para o imposto de sucesións en Galicia dende 2016, cun límite de 400000 euros por herdeiro. Nas plusvalías entende que Fene, así o demostra a liquidación do orzamento, que é xusto e que Fene ten capacidade para asumir esa exención. Isto está a vista porque hai unha previsión de recadación deste imposto de 280000 euros e coa liquidación que se fixo este ano xa se levan máis de 192000 euros, tendo en conta que se liquidou o 2017 e quedaría o ano 2018 e 2019. A última opción proposta pensa que a dita non sería a base para aplicar esa exención, máis ben vai no sentido de que a persoa xa ten un dereito recoñecido, do froito dun traballo dos pais ou do matrimonio. Por iso a opción última parécelle que queda un pouco descafeinada, porque a futura venda provocaría a liquidación do imposto dende a mortis causa.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo que di que a normativa contén unha forma polinómica que ten que ver o número de anos, pero limitado a 20 anos. Trataríase de pagar polos primeiros 20 anos dende a compra dunha casa ata a herdanza, aínda que o pago faríase cando se transmitise a casa, se é o caso.

De seguido intervén o alcalde que di que o máis sinxelo neste caso é suprimir o mortis causa é intervir no case de que a propiedade se venda fóra da herdanza.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que limitar as transmisións mortis causa igual que se regula en Galicia o imposto de sucesións e doazóns, 400000 euros por herdeiro, que neste caso sería por 250000 euros, pensa que sería o que máis se adaptaría para axustar a opción B, do artigo 4, exencións. Aquí habería que engadir un novo apartado e), as transmisións de bens inmoebles, entre cónxuxes ou a favor de fillos ou herdeiros legais, como consecuencia do falecemento do titular ou por pactos sucesorios inter vivos, sempre que o valor das propiedades urbanas non superen os 250000 euros.

A continuación intervén o alcalde que di que cos pactos sucesorios hai que ter moi en conta hoxe en día a normativa para entregar as herdanzas en vida, porque aí si que se produce unha transmisión real e o que non pode ser é que resulte gravada a transmisión en vida e a mortis causa non. A exención tería que ser tamén para este tipo de operacións, que hoxe en día son bastante habituais.

Prosegue a intervir a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que tamén hai ser consciente que a día de hoxe no Concello as plusvalías que non se produciron están totalmente paralizadas porque estase pendente dese desenvolvemento lexislativo que prevé a demostración da minusvalía. A baixada de impostos ou a súa supresión está moi ben, aínda que estean falando disto sen ningún tipo de informe que o ampare o goberno pensa que si é asumible. Non obstante, hai que ser conscientes de que ano tras ano, en todas as liquidacións do orzamento faise mención á falla de recadación que hai, por exemplo respecto da taxa da EDAR e tamén do período executivo que non se leva a cabo. Por iso cando se trate a oferta de emprego público, se non se quere privatizar o servizo, e o seu goberno non o quere facer como xa estivo durante moitos anos nas lexislaturas anteriores do BNG, pídelles aos grupos políticos un pouco de cordura á hora de votala e se prevexan eses postos destinados á recadación votando a favor. Reitera o xa dito este ano, o goberno está a favor da baixada de impostos pero tamén de que se cobren os que se teñan que cobrar, así aqueles que non se paguen no período voluntario se executen.

A continuación intervén o alcalde que di que chegado o momento de revisar o imposto hai que ter en conta a Lei de dereito civil de Galicia porque tamén se prevé, aínda que sabe que son bastante raras algunha das

situacións hereditarias que se contemplan na Lei, pero si hai unha que se soe utilizar bastante e que non ten nada que ver coa entrega da herdanza en vida, que é a apartación. Esta institución supón entregarlle un ben a un herdeiro, coa súa conformidade, para que se aparte da herdanza, polo que logo xa non vai entrar nela. Por iso esta exención tamén tería que intervir sobre a apartación porque hai unha transmisión inter vivos.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que quere aclarar por que a moción establece o límite económico de 250000 euros. Di que non toma a referencia do prezo do mercado porque este flutúa, de xeito que hai situacións onde se mercou por unha cantidade e para Facenda valora o feito sería por una cantidade moi superior e os impostos aplícanse polo que realmente se pagou. Tamén considerouse o custe do que sería o terreo para facer unha vivenda unifamiliar e os valores que aplica Facenda, non os de mercado, veñen sendo, nas zonas urbanas polos terreos de máis ou menos un ferrado duns 60000 euros, os de tres ferrados sobre 120000 euros. Non querían quedarse moi curtos, porque ás veces hai transmisións de pais que viviron moito mellor do que viven os seus fillos e, por tanto, transmitirán propiedades que mercaron cun poder adquisitivo moito maior que o que teñen os seus herdeiros. Todo isto xustifica o importe de 250000, aínda que se pode falar de baixala pero parécelle que baixar moito parécelle un risco, xa que pode quedar xente fóra que realmente recibe cousas cando a súa situación económica é a que é. O grupo municipal do PP, falou de que eran máis partidarios de actuar co artigo 4, que son as exencións, ao que di que é unha da súas actuacións preferidas. Tamén valora a predisposición do grupo municipal do BNG que fixo unha intervención prudente e invítaos a que volvan a reler a opción d) da Moción. Tamén di que é certo o que dixo a concelleira de Facenda que se trata dun quero e non poido, pois como se quere suprimir o imposto pero igual trátase de moitos cartos e non se pode, o que se pensa facer é aprazar o pago e deixalo para cando haxa liquidez, unha vez se produza a venda do inmovible. Considera que non é a solución pero trátase dun parche que soluciona algo a partir do 1 de xaneiro. Por iso, invita a todos os grupos a reler a Moción. Di que para o seu partido non é a solución pero pensa que é un parche que ofrece unha solución a moitas familias que están nunha posición delicada. Salia que a devindicación é competencia municipal e o vai seguir sendo, segundo se contempla na normativa estatal dos demais impostos, e polo tanto, poden actuar nel. Aproveita para dicirlle á voceira do grupo Mixto municipal que a nivel estatal o seu partido vai intentar a reforma, pero terá que ser coa colaboración de outras moitas forzas políticas, aínda que sería bo que houbera consenso de todas as forzas políticas, xa que isto é das cousas que afectan á xente. Gustaríalle poder actuar no feito impositivo, pero como non hai informes ao respecto non sabe se pode entrar en conflito coa lexislación vixente, por iso propón actuar nas exencións, na que pensa que poden actuar e dun xeito moito máis claro nas bonificacións, co límite do 95%. Respecto das transmisións inter vivos, apartacións e melloras, pensa que deben estar contempladas, porque se a Lei equipara unhas transmisións a outras, ou regula diferentes formas de herdar, entende que deben ter o mesmo tipo impositivo, non obstante, para poder avanzar, estaría disposto a que isto quedase apartado, porque aínda entendendo que sería algo inxusto as transmisións inter vivos son decididas quen forma parte delas e por tanto escollen o momento e a fórmula que mellor lle sirva, suponse que o fan para unha maior tranquilidade e un maior beneficio fiscal, cousa que non pasa cos falecementos. Por tanto, entende como prioritarios estes últimos casos, por iso se quitando o deixando para máis adiante os casos dos inter vivos facilita a súa aprobación hoxe, o seu grupo non tería ningún problema en falar isto, a sabendas de que se van provocar situacións inxustas entre unhas transmisións e outras. Respecto do impacto, non pode dar ningunha cantidade, igual se houbera os informes técnicos correspondentes poderíase saber. Saben os parámetros económicos que supoñen os ingresos porque a concelleira de Facenda lles informou deles hai unha semana na Comisión, tamén saben as porcentaxes por falecemento ou venda. Cos poucos datos que ten pensa que o impacto suporía menos de 60000 euros no orzamento, por tanto pensa que se pode tomar unha decisión hoxe, con percorrido para corríxila e sen tomar moitos riscos, coa tranquilidade de que antes de que tome posesión a nova Corporación se teña comezado con isto. Invita aos grupos a que co debate se poida afinar as dúbidas e que os datos que acaba de dar lle poidan dar luz á hora de adoptar unha decisión. Pensa que a vía do artigo 4, exencións, do 14 de bonificacións ou o do 15 da devindicación son vías perfectamente transitables. Respecto da seguridade da actuación dentro do marco das competencias municipais pensa que calquera destas tres vías está nestes parámetros e se hai dúbidas coa devindicación pódese solucionar os problemas anteriores. Sabe que é un parche que soluciona os problemas máis graves co que se poden atopar e tempo haberá para regular esta ordenanza, que debería ser o incremento da riqueza e non ningunha outra solución. Conclúe que o seu partido aposta decididamente pola solución do artigo 4 ou do artigo 14, e no último caso pola solución do parche que lle vai levar a unha situación de maior inxustiza e no que se vai solucionar os problemas máis graves os veciños neste tema, cando menos a partir do 1 de xaneiro do ano que vén.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que di que xa lle compraron o produto hai tempo, é máis, a modificación do artigo 14 non está rifada coa modificación do artigo 4. Pódese falar da exención e tamén da bonificación das persoas recoñecidas co grao 3 de gran dependencia con estes límites, cando menos os tres primeiros. Reitera que o seu goberno está a favor da baixada dos impostos pero tamén da recadación. Neste sentido o voto do partido Popular será favorable pero con dúas pinceladas, segundo o dito na súa primeira intervención. A primeira parte a ve factible, dun xeito ou doutro, pero o segundo punto, instar ao goberno para que informe á veciñanza afectada por liquidacións do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos da natureza urbana da posibilidade de acreditar a minusvalía do ben a transmitir, como xa se dixo, non existe lexislación a día de hoxe polo os servizos de recadación non saben moi ben como poderán os veciños acreditar a minusvalía. Este compromiso do goberno de informarlle a todos os veciños, mentres non se desenvolva lexislativamente, non será facer máis que o que xa se fai que é non liquidar. Respecto do acordo de informar a todos/as afectados/as pola liquidación do imposto nos últimos 5 anos anteriores ao 11.03.2017, unha vez que exista a modificación da lexislación, que se prevea na RPT o aumento do persoal na Área de Tesourería, posiblemente se poderá levar a cabo. Por último, o punto 3 acorda iniciar unha reforma integral da Ordenanza núm. 25 conta co seu voto a favor, no sentido da súa intervención, di que a carga de proba por parte da Administración é cargar máis o traballo municipal que ten de por si e non sabe se será legal que o Concello teña a carga de proba. Conclúe que votaría a favor agás o punto 3, xa que non o poden asumir a proba de carga plusvalía ou minusvalía.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo está disposto a avanzar sobre o dito. Se se vai pola vía do artigo 14 pódese eliminar o apartado b), porque pasaría a estar no artigo 4 de exencións, e deixar o apartado c) que se incorporaría como un novo apartado para as grandes dependencias. Non lle ve problema, aínda que a súa intención era chegar a 4,5 veces o IPREM, pero si o consenso está en 3,5 parécelle razoable. No tema de instar ao goberno municipal para que tome fianza sobre a posibilidade de eximirse do gravame do imposto pensa que a sentenza do Supremo e as súas interpretacións aclaran algún dos mecanismos posibles, especifica que algúns elementos de proba, que é o único que coñece que se está a utilizar, son as taxacións. Pensa que informar á cidadanía de que hai esa vía non tería maior problema, pero si o é, para el o prioritario é sacar a modificación adiante; por outro lado, se o goberno asume o compromiso de non liquidar o imposto, xa que Fene agora non ten capacidade humana nin técnica para poder estudar esas reclamacións, tamén lle vale. Respecto do punto 3, pensa que debe ser a Administración quen determine a proba a practicar, pero tamén estaría disposto a eliminar esta parte para que a modificación saia adiante e eliminar os apartados a) e d) da proposta un. Se isto se pode consensuar, o seu grupo asume o proposto polo goberno e invita aos demais grupos a que se sumen á proposta.

De seguido fai uso da palabra o alcalde que di que o que se falou agora servirá como base e directriz para afrontar esta reforma, cos pros e contras que cada un expuxo, como o caso de se inverter a carga de proba do incremento de valor para a Administración non se pode levar cara adiante, pois dubida da súa legalidade, e polo tanto haberá que velo cando isto se materialice nun texto, momento no que os informes técnicos dirán o que sexa.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que débese definir exactamente o que se vai votar, que será a proposta cos seguintes cambios: na proposta 1 da modificación da Ordenanza 25 suprimiríase a opción 1.a) enteira, a opción 1.b) manteríase enteira.

De seguido fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o acordo sería modificar a Ordenanza núm. 25 incluíndo un novo apartado e) no artigo 4.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que no artigo 14 elimínase o apartado b) e manteríase o apartado c) agás as dúas últimas opcións relativas a 4 e 4,5 veces o IPREM. Respecto da opción d) di que se suprime.

De seguido fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di respecto do apartado 2 de que se informe da posibilidade de acreditar a minusvalía do ben a transmitir di que cando se vén ao Concello claro que se lle informa, pero que a Administración teña mecanismos para informar como ten que facer para esa liquidación, mentres non se desenvolva a normativa que o vai regular é outra cousa, porque agora mesmo hai moitas sobras ao respecto e non hai medios suficientes. A día de hoxe xa se lle está informando a todos os veciños que veñen preguntar sobre o imposto, outra cousa é asesorar como hai que facelo. Por iso, se se interpreta así pódese deixar o texto como está.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo, con esta proposta, pretendía que cando se lle mande a proposta de liquidación aos veciños haxa un parágrafo que lle informe que se o veciño considera que non hai plusvalía e que o seu terreo non incrementou de valor hai unha exención.

De seguido fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di acepta o punto 2 tal e como está.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di, respecto do punto 3, que suprímese a parte que di: asumindo a Administración, a determinación e proba deste feito.

De seguido fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que está de acordo co dito respecto do punto 3.

A continuación o alcalde di que a proposta quedaría como segue:

1.- Promover a supresión ou cando menos a redución substancial do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana para as transmisións de propiedades urbanas por causa de morte ou pactos sucesorios inter vivos (apartación ou mellora) e valor inferior a 250.000,00 € a través do estudo e no seu caso aprobación dalgunha das seguintes medidas:

1.- Modificación da ordenanza 25. Reguladora do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana nos apartados que se relacionan:

D-0
093
151
P-
E-
C1

No Artigo 4.- (Exencións), engadir un novo apartado e)

- e) A transmisión de bens inmóbeis entre cónxuxes ou a favor dos fillos ou herdeiros legais como consecuencia do falecemento do titular ou de pactos sucesorios inter vivos (apartación ou mellora), Sempre que o valor da transmisión das propiedades urbanas non supere os 250.000,00 €.

No caso de realizarse máis dun pacto sucesorio (apartación ou mellora) ao mesmo/a ou mesmos/as beneficiarios/as , o valor de cada unha das transmisións de propiedades urbanas, a cada beneficiario/a sumarase aos efectos do límite de 250.000,00 €.

No artigo 14 (Bonificacións), engadir neste artigo un apartado c)

- c) No caso de persoas recoñecidas co Grado III. Gran dependencia ao amparo la Lei 39/2006, de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia corresponderanlle as seguintes bonificacións:

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 2 IPREM, 100 % de bonificación da cota integra do imposto.

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 2,5 IPREM, 80 % de bonificación da cota integra do imposto.

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 3 IPREM, 75 % de bonificación da cota integra do imposto.

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 3,5 IPREM, 70 % de bonificación da cota integra do imposto.

2.- Instar ao goberno municipal, para que informe á veciñanza afectada por liquidacións do Imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, da posibilidade de acreditar a minusvalía do ben a transmitir, co obxecto de eximir de gravame a transmisión de propiedades.

Visto o disposto no artigo 15º apartado 2 da Ordenanza 25 Reguladora do Imposto Municipal sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana do Concello de Fene e a Sentencia do Tribunal Constitucional 59/2017 de 11 de maio de 2017, que declara inconstitucionais e nulos, na medida en que sometan a tributación situacións de inexistencia de incremento de valor, os artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, ampliar a información a todos/as afectados/as pola liquidacións do Imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana realizada nos 5 anos anteriores ao 11 de maio de 2017.

3.- Iniciar unha reforma integral da ordenanza 25, co obxecto de dotar ao Concello de Fene dun tratamento axeitado do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, definindo os procedementos para determinar a existencia de plusvalía ou non, así como un tratamento fiscal progresivo e acorde cos incrementos reais de valor dos terreos de natureza urbana.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple logo de obter 11 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 5 abstencións (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Promover a supresión ou cando menos a redución substancial do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana para as transmisións de propiedades urbanas por causa de morte ou pactos sucesorios inter vivos (apartación ou mellora) e valor inferior a 250.000,00 € a través do estudo e no seu caso aprobación dalgunha das seguintes medidas:

D:
360
131
E:
C:

1.- Modificación da ordenanza 25. Reguladora do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana nos apartados que se relacionan:

No Artigo 4.- (Exencións), engadir un novo apartado e)

- e) A transmisión de bens inmóbeis entre cónxuxes ou a favor dos fillos ou herdeiros legais como consecuencia do falecemento do titular ou de pactos sucesorios inter vivos (apartación ou mellora), Sempre que o valor da transmisión das propiedades urbanas non supere os 250.000,00 €.**

No caso de realizarse máis dun pacto sucesorio (apartación ou mellora) ao mesmo/a ou mesmos/as beneficiarios/as , o valor de cada unha das transmisións de propiedades urbanas, a cada beneficiario/a sumarase aos efectos do límite de 250.000,00 €.

No artigo 14 (Bonificacións), engadir neste artigo un apartado c)

- c) No caso de persoas recoñecidas co Grado III. Gran dependencia ao amparo la Lei 39/2006, de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia corresponderanlle as seguintes bonificacións:**

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 2 IPREM, 100 % de bonificación da cota integra do imposto.

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 2,5 IPREM, 80 % de bonificación da cota integra do imposto.

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 3 IPREM, 75 % de bonificación da cota integra do imposto.

Para persoas con ingresos iguais ou inferiores a 3,5 IPREM, 70 % de bonificación da cota integra do imposto.

2.- Instar ao goberno municipal, para que informe á veciñanza afectada por liquidacións do Imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, da posibilidade de acreditar a minusvalía do ben a transmitir, co obxecto de eximir de gravame a transmisión de propiedades.

Visto o disposto no artigo 15º apartado 2 da Ordenanza 25 Reguladora do Imposto Municipal sobre o Incremento do Valor do Terreos de Natureza Urbana do Concello de Fene e a Sentencia do Tribunal Constitucional 59/2017 de 11 de maio de 2017, que declara inconstitucionais e nulos, na medida en que sometan a tributación situacións de inexistencia de incremento de valor, os artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, ampliar a información a todos/as afectados/as pola liquidacións do Imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana realizada nos 5 anos anteriores ao 11 de maio de 2017.

3.- Iniciar unha reforma integral da ordenanza 25, co obxecto de dotar ao Concello de Fene dun tratamento axeitado do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, definindo os procedementos para determinar a existencia de plusvalía ou non, así como un tratamento fiscal progresivo e acorde cos incrementos reais de valor dos terreos de natureza urbana.

5. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Hoxe é o último Pleno ordinario da lexislatura e dende hai un ano comprobou a maior desorganización, descontrol e derroche dos últimos anos que ten constancia neste Concello. Recentemente veuse a descoordinación dos servizos de Obras e Promoción Económica na actividade das Palilleiras que se fixo coas entradas sen limpar, as obras iniciáronse tres días antes, o concelleiro responsable non apareceu no evento. Veuse tamén na suspensión do concurso de tapas e hoxe mesmo a convocatoria para tratar a Fashion Night á que o concelleiro tampouco asistiu e case sen asistencia dos comerciantes cando antes asistían 20 ou 30 comerciantes. Todo isto é consecuencia da falta de organización, non pode ser que os comerciantes reciban hoxe as cartas para vir a unha reunión en menos de 24 h. Un ano para esquecer en Fene. Espera que o vindeiro goberno sexa máis responsable que o actual.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Logo de aprobar a moción da desafectación das escolas unitarias, de elaborar un plan integral para a súa recuperación e que se fixera un plan de urxencia para mirar os temas máis graves como as filtracións de augas, non só non ten constancia de nada senón que non se informou en ningunha Comisión se houbo algún atranco para que isto puidese saír adiante.

- Preocúpalle o relativo á moción aprobada para o premio Ramón Souto. As últimas declaracións da concelleira da Área foron de hai dez días, pero seguen sen entender as cuestións técnicas que se formulan sen achegar fundamentos legais que as sustenten, pois sería unha mágoa que o premio non se puxera a andar nesta lexislatura.

- Respecto da última moción da auga que se aprobou di que a súa intención era que neste lexislatura este tema quedase encarrilado e a única cuestión que se acadou foi a finalización do contrato de Viaqua e a prórroga mentres non se solucionaba. Pasaron os meses e non veu que houberse traballo real e efectivo.

- Respecto da moción do Centro de Saúde di que recibiu algunha información da alcaldía das xestións realizadas cara a que o Centro de Saúde recupere os médicos que tiña antes do 2018. Tamén o grupo municipal do BNG e EU presentaron outra moción semellante, pero non volveron saber nada ao respecto. Se as portas da Administración se pechan a unha solución, pensa que o Concello debe

tomar a iniciativa para tratar de defender ante a Administración autonómica o mesmo nivel de prestación sanitaria que había no 2018.

- Fíxose hoxe relación sobre a porcentaxe da execución de obra de anos anteriores pero hai cousas que levan atascadas catros anos ou máis, por iso pide información sobre as beiravías do Carril que lle informaron que hai dificultades con algunha das cesións, pero esas dificultades xa as viu el en xullo de 2016 e dende aquela pasou moito tempo e semella que non está encarrilado. O saneamento de Laranxeira quedou esquecido dende hai anos e nada se volveu saber del. Xa pasaron dous gobernos e no informe de obras tampouco consta.

- Respecto dos parques infantís había proxectos dos anos 2015 e 2016 e viu que algún deles está no informe de obras que lle achegaron pero faltan outros, falta o plan do 2015 que está pendente de executar e que pasado tanto tempo ao mellor xa habería que volveo a actualizar para que se axuste á realidade actual.

- O sendeiro do Belelle segue a estar na mesma situación na que estaba e hai algunha zona na que é complicado camiñar.

- Sobre os terreos da auga de Magalofes, o seu grupo xa non pode dicir máis. Di que achegaron unha proposta de terreos xa hai 8 anos e reitera que se alguén ten outra proposta tamén lle vale pero roga que se merquen dunha vez.

- Respecto da nave de Fondomar o Parlamento galego aprobou unha iniciativa legislativa co acordo de case todos os grupos políticos, incorporouse aos orzamentos da Xunta de Galicia e aínda está sen executar.

D-0

096
051
Respecto da accesibilidade da escola de Chamoso, di que cando o seu grupo gobernou retomou o asunto, se fixo o proxecto e se fixeron trámites para tratar de levantar a prohibición de Patrimonio respecto da rampla deste edificio protexido, daquela encargáronse dous bocetos distintos, incluso consultouno co responsable provincial de Patrimonio que lles informou da viabilidade dos proxectos, que só faltaba definilos máis para levalo á comisión e autorizalo para a súa execución. O último que soubo foi a explicación que deu o anterior concelleiro de Urbanismo que lles dixo que a oficina técnica non vía viable ningún das alternativas. Non entende porque Patrimonio si o ve viable e a oficina técnica non, pero o caso é que van catro anos e varios gobernos sen que se solucione.

- A recuperación da depuradora de Maniños segue atascado, estaba atascado antes e segue agora.

- Non coñece ningunha xestión feita respecto dos pasos elevados para desbloquear este asunto. Este tema leva 8 anos bloqueado e xa non vai discutir se o convenio con Adif era con ou sen financiamento, pero o certo é que había un convenio e dúas expropiacións pendentes de resolver para solucionalo. Pensa que o Concello debería facelo pero se é Adif quen o ten que facer alguén llo terá que esixir para que a situación de perigo cese.

- Solicita que se informe sobre estas situacións para poder facer un mapa de situación das cuestións pendentes desta e doutras lexislaturas. Di que houbo tres gobernos distintos, nos que participaron todos os concelleiros, máis ou menos tempo e cada un terá a súa responsabilidade. Di que son cuestións complexas pero parécelle que, a pesar da súa complexidade, nalgunha destas cuestións non se deu nin un só paso máis en catro anos.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto do acordo do aumento da cota do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade adoptado no Pleno do 03.01.2019 acordouse a creación dunha Comisión para o estudo e análise do Concello no ámbito da cooperación e desenvolvemento cos desfavorecidos. Roga que se constituía a Comisión nesta lexislatura.

- A Área de Benestar Social e Igualdade está a levar distintos programas ao longo do ano e roga que se inclúa aquel plan Xermola que se iniciou o ano anterior a ser el concelleiro da Área. Este plan esmoreceu ou segue vixente?

- Sobre o programa Cine Ensino quere saber en que momento está.
- Sobre o programa de Envellecemento Activo díxose na Comisión que ía comezar en breve e quere que se lle informe de cal vai ser a empresa? cantas entidades van participar? cantos usuarios haberá? cal vai ser o número de horas?.
- Respecto das distintas contratacións que se fan dende a Área de Benestar Social e Igualdade, cantas empresas con razón social en Fene se contrataron para o desenvolvemento dos distintos programas?
- O programa de mantemento da memoria das persoas que están con enfermidades avanzadas, tipo alzheimer, quería saber cantas persoas participan neste taller? cal é o custe anual? que días se desenvolve a actividade? que período vai abarcar?
- Pregúntalle á concelleira de Dinamización Social e Transparencia se tivo algunha reunión con Cáritas de Fene dende que é concelleira da Área de Benestar Social e Transparencia? se lle entregou algunha memoria económica das súas actividades, sobre todo das que fai coa subvención do Concello? Di que el ten datos dos anos 2014 e 2015 cando el era o concelleiro delegado.
- Pregúntalle á concelleira de Educación cal é a realidade dos comedores escolares dos distintos centros educativos do Concello?, quere saber o número de usuarios que fan uso do servizo, do número de fillos e fillas dos usuarios que reciben axudas de emerxencia social. Rógalle que se establezan unha liña de axudas para os fillos e fillas dos usuarios das axudas de emerxencia social de tal xeito que poidan utilizar os comedores escolares con custe 0, xa que cando menos poderase ter a tranquilidade de que estas crianzas teñen unha boa alimentación.
- Rógalle á concelleira de Benestar Social que se incremente a subvención que se lle concede á entidade Aspaneps. Di que votou en falta o incremento no orzamento do 2019. Pregúntalle se mantivo algunha reunión coa entidade para tratar o programa Xardiñeando, que ten un orzamento para dous anos de algo máis de 9100,00 euros para adecentar os xardíns dos distintos centros educativos.
- Estase a facer algún seguimento da asociación Amigos de Galicia coa que se participa cunha subvención? Estase levando algunha supervisión de como se están a repartir os alimentos? hai atraso no seu reparto? estase respectando a dignidade persoal dos usuarios que os van percibir? estase a respectar a confidencialidade dos usuarios? hai algún tipo de reclamación? e se as hai, estanse dándolles solucións ás reclamacións?
- Estudou a parte económica municipal algo sobre a proposta do seu grupo respecto das subvencións ás entidades de Aspaneps, Cáritas e Amigos de Galicia de achegalas en dúas partidas, unha a xustificar o 30 de xuño e outra 31 de decembro?.
- En relación co funcionamento da calefacción da escola do Carril, solucionouse o problema?, fíxose algunha xestión cara a solucionar as deficiencias que viron o día da inauguración do edificio?.
- Di que lle causa certa "zozobra" ver que nas subvencións nominativas do 2019 aparecen dúas novas, unha de 3809,00 ao CEIP A Xunqueira para a primeira liga Lego e outra para o IES de Fene de 3036,00 para unidades educativas. Entende que son necesarias pero deben ser regradas e en competencia co restos dos centros educativos de Fene e non mediante a súa solicitude. Pensa que isto hai que regulalo ben para evitar no procedemento perigoso de que poida vir mañá outro centro educativo que participe noutra actividade que acada un premio e o custe da actividade son 4000,00 euros como se lle vai dicir que non cando se acaba de dicir a outro que si. Non di que estas axudas non sexan necesarias pero o centro no que el traballa quixo participar nunhas actividades e tivo que buscar o seu financiamento, así acadaron 31000,00 euros que lle permiten participar en actividades europeas, é dicir, que os centros educativos que queiran participar en actividades educativas tamén teñen recursos propios e, senón, hainos que buscar e non vir ao doado que é pedirlle os cartos ao Concello. Por iso di que estase entrando nun xogo perigoso, xa que nalgún momento haberlle que dicir a algún centro que non.

A continuación intervén a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que os carteis do concurso de tapas seguen estando por aí e non se quitaron aínda que se suspendeu o concurso.

Pregunta cando lle vai poder facer algunha pregunta ao concelleiro de Promoción Económica? Di que non é quen de preguntarlle nin na Comisión nin no Pleno e entende que un concelleiro que ten media dedicación exclusiva, cando menos, debe poder atender ás preguntas nalgún momento. Para facerlle unha pregunta botou dous Plenos e contestoulle no do mes pasado, non obstante, quere dicirlle que a súa contestación non é verdade. Estes días falou con xente pola problemática do concurso de tapas e algunha hostaleira díxolles que non pensaba volver ao Concello, incluso queixouse que a carta para a xuntanza desta tarde, algúns a recibiron hoxe pola mañá. Di que a reacción de apagarlles a luz e pecharlles a porta non a ían volver consentir. Quería preguntarlle pero é imposible.

Comprobou que non se foi quen de manter a xuntanza pendente coa xerencia da área polo tema da falta de médicos en Fene. Lébralle ao alcalde que no 2017, antes do verán, houbo un problema de recortes de médicos e sentáronse no Concello de Ares pola mañá e as 15.00 h estivo solucionado cunha chamada de teléfono. Pensa que o que hai aquí é falta de interese.

Respecto da queixa que fixo o partido municipal Socialista de que o paseo do Beille, di que xa non é transitable di que esa queixa a deu ela cando menos hai seis meses a petición duns veciños.

Ao grupo de goberno, cando presentou a moción de censura, preocupáballe moito o tema de Servizos Sociais e o programa da Memoria. Lébralles que o ano pasado o programa da Memoria iniciouse dende finais de xaneiro ata xuño e logo de setembro a decembro. Agora estase en maio e aínda non se iniciou e xa se perdeu o primeiro semestre.

Respecto da Gala do Deporte en Sillobre di que os comentarios máis escoitados que oíu da xente foron que foi longa e infumable.

Respecto do contido dos Plenos, algo que lle preocupaba moito ao grupo de goberno cando estaba na oposición, quitando algunha moción e algunha cousa puntual, a maior parte dos Plenos foi pouca. Di que lembra un Pleno que o contido que tiña tratouse en sete segundos, tratábase das actas e non había nada máis.

Respecto dos temas prioritarios que alegaron para presentar a moción de censura como a depuradora, o punto limpo e demais di que non se soubo nada de nada.

Respecto do prometido de que este sería un goberno de transparencia puro e duro en relación con Esquerda Unida á hora de entregarlle e poder acceder á documentación di que cero sobre cero, incluso recibiu brúos do alcalde e tivo que dicirlle que se non lle permitían acceder á documentación tería que ir ao xulgado ao que lle respondeu berrando que que quería e que esperaba encontrar nas facturas.

Isto é unha especie de balance do que foi o goberno deste último ano.

A continuación fai uso da palabra o alcalde, que di que, a modo de resumo vai facer unha intervención, sen prexuízo que logo os concelleiros poidan responder ás preguntas feitas. Dille ao grupo municipal do BNG que leccións as mínimas, xa que iso de descoordinación nada de nada, pois se se miran os dous últimos anos de goberno do BNG máis EU pódese ver o contido dos Plenos nas ordes do día. Hai que ter en conta que o seu goberno realizou máis de vinte Plenos en doce meses e cando se queixaron das actas dilles que se acaban de aprobar e están aí. Respecto da descoordinación que falou o seu voceiro dille que as obras do saneamento da Rañoa quedaron tiradas na mesa de contratación sinxelamente porque o único que había que facer era un pequeno modificado para rebaixar e salvar o gasoduto, a conducción do gas. Isto quedou paralizado dende 2015, un proxecto do goberno anterior. Afortunadamente se retomou, se pediu o modificado á enxeñería Proyfe, aínda que o proxecto era doutra enxeñería, porque é un modificado moi simple. Deste xeito a subvención non se perderá e queda para executar tan axiña como entre o modificado. Por outro lado, a pista polideportiva de Magalofes en unión co arranxo de cinco parques infantís tamén quedou tirado. O plan de acción social complementario do 2015 tamén quedou tirado. Por tanto, estas obras están no listado que se lles achegou, esta obra está adxudicada á empresa Ian Rumbo para executala. Dille ao grupo municipal do BNG que saben os cartos que leva gastado o

actual goberno en complementar todos os proxectos incompletos que deixou o goberno do BNG. O saneamento das Picas quedou no Feal e houbo que facer unha segunda fase agora e son 70000,00 euros. En Buio Rabadeña non se levou o aglomerado ata o límite co Concello de Neda e houbo que poñer 6000,00 euros. A escollera do río Cádavo non levaba nin a beirarrúa nin o alumeadado e supuxo 12000,00 euros. A estrada de Lubián que sube a Magalofes, que é a estrada pola que se serve a parroquia, quedou cun aglomerado polo medio das casas e o resto quedou como un camiño de carros, isto arranxouse cun proxecto incluído no superávit de máis de 60000,00 euros. O problema ca auga do Sartego, que tiña un proxecto incompleto, supuxo gastar 46000,00 euros. Por último a pista de San Valentín supuxo un aumento de 14000,00 euros. Di que pódese sumar se o goberno do BNG foi rendible para o Concello, son datos obxectivos que están aí para comprobar cando queiran. Por tanto, os plans provinciais sen executar son os de 2015, 2016, 2017 e aínda saen na prensa a dicir que o actual goberno non executou o 2018, o que é evidente, aínda comezaron a executar este ano agora porque houbo que executar antes os anteriores. As obras que deixaron feitas foi a marxe esquerda das Pías sentido Ferrol, que xa era un proxecto que se adaptou ao PAS 2015 e o camiño do Catalán e non houbo nada máis, tampouco houbo presupostos, nin houbo ningunha utilización do beneficio, así o actual goberno fixo dous expedientes e adxudicáronse obras por case que dous millóns de euros logo de cancelar toda a débeda bancaria. Ademais o actual goberno modificou as ordenanzas fiscais coas rebaixas que se fixeron no IBI e a rodaxe. Que o BNG fale de descoordinación cando todo isto o actual goberno o fixo nun ano, logo de dous anos de seca total non ten moito que dicir máis que isto apréciase polos veciños, que cando menos poden desfrutar das obras. A todo isto tamén hai que sumarlle as custas que se están a pagar dos procedementos xudiciais por culpa de vulnerar os dereitos fundamentais de nove concelleiros do actual goberno, que eran compañeiros de Corporación elixidos polos veciños de Fene. Pensa que na memoria destes nove concelleiros esta a xudicialización da vida deste Concello, a cal a deberían pagar moi cara, porque a el non se lle ocorrería facer isto a ningún compañeiro de Corporación.

D-O

09C

051

14

11

10

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que respecto da seca di que agora non hai seca, hai facturas por cubatas que pasa o señor alcalde, o cal está no rexistro do Concello.

De seguido fai uso da palabra o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que estaba esperando que saíse, xa que como a oposición sabe esa factura non ten concepto, pois foi devolta.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que había cervexas, cubatas e vermús e dille ao alcalde que non se merece o posto que ten.

De seguido fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que estaban alí presentes.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que hai que ter e aprender educación e que hai que ser demócratas.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que contesta ao voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que o que hai é que pagarlles aos traballadores e non andar a roubarlles os cartos.

Neste momento abandonan a sesión os/as concelleiros/as do grupo municipal do BNG e grupo mixto: Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto e María Carmen Martínez Rodríguez.

Prosegue a dicir o alcalde que como sabía que isto tarde ou cedo ía saír di que todos son coñecedores do asunto, houbo unha camiñata e fíxose unha invitación aos participantes. Di que el non se preocupou do que tomaban as sesenta persoas que alí estaban, sinxelamente lle dixo á persoa que estaba ao fronte do bar do CPS que as persoas que viñan participando na camiñata de Ribadeo a Tui, que igual que fixeron outros concellos como o de Neda, se lles facilitase unha consumición. Se se consumiron catro cubalibres el o sinte, xa que aínda que estaba alí, evidentemente el non estaba controlando. A factura ascende a 81,00 euros. Non obstante, xa se falará do que se quería pagar por auga e do que aforrou o Concello co tema da auga.

Seguidamente o alcalde prosegue a contestar ás preguntas feitas. Di, respecto das beirarrúas do Carril, que aquí hai un problema nunha herdanza. Do saneamento da Lagarteira di que é do que xa falou igual que o PAS 2015, que inclúe o saneamento da Rañoa, a pista de Magalofes e os parques infantís. En relación cos terreos da auga de Magalofes están listos. Tan pronto a secretaria municipal teña un momento, porque o certo é que non o tivo coa preparación dunhas e outras eleccións, só hai que fixar unha data no notario e escriturar. En relación coa a nave de Fondomar está en licitación, o enxeñeiro municipal emitiu un informe conforme se adaptaba á normativa urbanística, remitíuselle a Portos de Galicia e pensa que a licitación xa rematou e deben estar pendentes da súa adxudicación. Respecto da accesibilidade da escola de Chamoso di que é unha "asignatura" pendente. En relación coa depuradora de Maniños di que o proxecto para a demolición está feito, non así para a recuperación do terreo, pero non se introduzo nas obras do superávit porque non é financeiramente sostible. En relación coa auga di que que van con retraso. Respecto dos pasos elevados di que pretendeu acadar unha reunión con Adif en León pero ata o de agora non o conseguiu e non hai absolutamente nada.

A continuación contesta ás preguntas a concelleira de Benestar Social e Igualdade, Juana Barro Couto, que logo de ver distintos problemas nos colexios optouse por non facer o plan Xermola.

A continuación intervén o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que di que a anterior concelleira o deixou morrer o plan pero lémbrale que foi un plan que o anterior goberno do PP iniciou e el como concelleiro delegado potenciou, así a concelleira de Educación esta a levar a cabo os talleres nutricionais. A concelleira de Benestar Social e Igualdade, Juana Barro Couto, di que son máis amenos.

Prosegue a contestar a concelleira de Benestar Social e Igualdade, Juana Barro Couto, respecto do Programa Cine Ensino que este programa fíxose este ano. Respecto ao Envellecemento Activo di que non hai un retraso porque ningunha empresa o quixo facer polo baixo custe da hora proposto. Sen embargo, fíxose outra contratación o 16 deste mes e presentáronse 8 empresas das cales pensa que ningunha era de Fene. Na mesa de contratación tratáronse 3 lotes, un obradoiro de estimulación cognitiva, outro de recuperación da memoria e outro para a escola de avoas/os. Os dous primeiros lotes foron para a empresa Serviplus e o terceiro lote colleuno a empresa Senes. En relación coa memoria di que esta actividade seguiu facendo coa empresa que había e pensa que o número de alumnos son 11. En relación con Cáritas di que non é que teña reunións, o que pasa é que vai moitos luns por alí porque é socia e todos os anos lle entregan a memoria que inclúe onde se gastan os cartos. Respecto de Aspaneps di que que estase estudando o programa pero non houbo tempo suficiente. En relación con Amigos de Galicia di que a semana pasada houbo unha reunión con Amigos de Galicia, a subvención aumentou de 6000,00 a 7000,00 euros e verase se isto pode axudar máis coas axudas de vivenda para o pagamentos de alugueres.

De seguido fai uso da palabra a concelleira de Educación, Ana María Novo Picos, para contestar que na Escola do Carril o único que se arranxou foron as cadeas de drenaxe que había fóra de xeito que xa non apoza a auga nin entra na escola. Respecto da calefacción onte ía ir a empresa que montou a calefacción pero non foi e houbo que volver chamar ao Consorcio. O fallo debe ser algo relacionado coas pilas dos programadores. O resto dos traballos quedaron en facelos.

A continuación a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, contesta respecto das subvencións nominativas que se trataron de dúas subvencións que se crearon o martes, no pleno extraordinario, xa que antes non existían. Di que hai un goberno que toma decisións e as asume. Hai unha concelleira de Educación que entende que hai que asumir estes gastos e ante a pregunta de que pasará cando veñan máis centros escolares dille que o haberá que ver cando suceda. Cada concelleiro ten unha partida e a xestiona como considera. Lembra que cando gobernaron na anterior lexislatura non lembra que o IES de Fene solicitase ningunha axuda económica como esta vez, pero si o CPI A Xunqueira que xa se lle axudou daquela. Se no futuro hai máis propostas ao mellor haberá que distribuír as axudas igual que sucede coas entidades deportivas que son por concorrencia. Respecto das bases do premio di que xa lle advertiu ao grupo municipal Socialista no seu momento que igual era o seu voceiro, que ten máis idea á hora de redactar unhas bases deste estilo, quen se debería sentar con quen as está a redactar. Tamén advertiulle que os prazos os consideraba moi curtos e achegoulle as observacións que lle fixo o técnico que as está a redactar sen que recibise ningunha resposta ao respecto. Dende que se aprobou a moción se lle dixo que o goberno estaba á súa disposición, igual que o está agora. En relación coas escolas unitarias di que hoxe aprobouse a acta do Pleno do 05.12.2018 que contén a moción. Daquela o partido Popular nun primeiro momento

mantivo a súa abstención porque non sabían como estaba realmente o asunto. O alcalde Juventino José Trigo Rey mantíña daquela que se había avanzado un montón no tema das desafectacións e dos arranxos, que había un montón de proxectos encamiñados e ao final o partido Popular comprometeuse a continuar ese camiño que tiña comezado o anterior alcalde, que xa lles adianta que non se fixo nada máis que o que trouxera ao Pleno para a desafectación do colexio de Magalofes, que quedou sobre a mesa para facer as desafectacións de todas as escolas xuntas. Di que iso non é motivo para paralizalo pero o seu partido deixou claro que continuaría con aquel proxecto do anterior alcalde, que non había nada e que a súa prioridade eran as escolas que estaban sendo usadas polos pequenos, por iso, durante o curso fixéronse moitos arranxos pois, igual que as obras, as escolas estaban totalmente desatendidas. Di que semella que levan moito tempo pero só levan no goberno un ano e, isto foi unha das súas prioridades. En relación co dito de que tiñan que crer as súas palabras respecto da contención do gasto di que este ano a contención foi do 77,41 %, practicamente igual que no ano 2017 coa diferenza de que no 2017 foron dez millóns e no 2018 foron 15 millóns de euros. Di que non son datos inventados, consta no informe de intervención, así no capítulo 6 executouse un 24,78 % no 2018 e no 2017 un 28,81 % pero en cartos é case que a metade. Así en obrigas recoñecidas esta ano foi de máis de 90000,00 euros mentres que o ano anterior foi de algo máis de 512000,00 euros.

Prosegue a dicir a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que como é o último Pleno da lexislatura e logo de ver o que acaba de pasar, quere deixar constancia de que o alcalde Gumersindo Galego, o concelleiro Juan José Franco e ela comezaron na política no ano 2007 e o que se vive hoxe en día é inaudito e digno de mencionar. Parece sorprendente que quen foi o alcalde se levante hoxe do Pleno cunha soberbia que non é propia de ningún que forme parte deste Pleno, menos no seu caso, pois foi o primeiro alcalde que fixo pasar a todos ou case todos os traballadores da Área de Servizos polas dependencias da Garda Civil, sinxelamente, para acreditar a súa ineptitude como alcalde e como grupo de goberno. Tal foi a súa obcecación que case que acabou coa imputación dun traballador. Veu aquí dar leccións de moral un señor que tomou posesión no ano 2011 cando tiña suscritos todos os seguros do Concello, dende o fondo social ata o de accidentes, o de responsabilidade civil ou o de responsabilidade patrimonial. Daquela salvouse de que o asunto continuase logo dun informe de secretaría e intervención demoledor. É increíble que un señor que ten unha xestoría non soubese que non podía estar contratando coa administración, pero é que tiña os contratos adxudicados a dedo dende tempos inmemoriais polos seus amigos. Daquela salvouse porque os concelleiros do grupo municipal Socialista votaron en contra e foi entón cando fixo o cambio dos seguros para un amigo seu. Que ese señor veña aquí dar moralidade cando estivo chupando sendo concelleiro era como para estar imputado como prevaricador. Prosegue a dicir que o goberno do BNG foi o que máis caro lle saíu a Fene, dispuxo de tres medias dedicacións exclusivas para nada, o concelleiro de obras tiña unha e xa se viu, só hai que remitirse aos documentos que hai no Concello e non hai nada de nada en 2015, 2016 ou 2017. O alcalde e concelleiro de Facenda foi incapaz de presentar un orzamento, unha baixada de impostos, non presentou ningunha ordenanza nova, cero de cero, non trouxo absolutamente nada aos Plenos, é máis, a liquidación do orzamento do 2016 lle foi requirida dúas veces polo Tribunal de Contas para que a presentara.

A primeira tenente de alcalde tivo outra media dedicación e dicía que estaba aquí todo o día cando exterminou á Policía Local, o xefe non lle gustaba e o fixo desaparecer e o corpo quedou sen axentes, exterminou o servizo por e para nada. Como concelleira de Persoal case perde a oferta de emprego público do 2017, menos mal que os sindicatos axudaron e ao final púidose sacar. Foi incapaz de facer nada aínda que contaba coa predisposición de todos os sindicatos, non como lle pasou ao agora concelleiro de Persoal: os guerreiros domados porque tiñan algo en común, e os outros porque son xente educada e queren continuar co proxecto propio para todos os demais; tampouco foi capaz de sacar a promoción dos administrativos ou a lista do interino do cemiterio. Logo púxose de concelleira de Servizos e o único que fixo foi dar conta na Comisión de farolas e bombillas, o cal debeu ser para acreditar outra super actuación do anterior alcalde cando lle pagou a un peón un carné de conducir para conducir o camión da electricidade.

Continúa falando referíndose ao momento no que o BNG abandonou a sesión aludíndose entre outras cousas a que o PP estaba a atacar a unha compañeira, por alusión a María Manuela Aguilar, e ao respecto a Sra. Bértoa di que esa compañeira, que non sabe se se valeron dela ou ela sabía o que había, inda que entende que si pola forma na que se puxo, non lle van pedir que sexa a máis legal do mundo, por exemplo se a día de hoxe estivera traballando en actividades formativas polas que percibe ingreso, non lle van pedir que as cotice, iso no caso de que as fixera, porque non sabe se as fai, pero o que fixo aquel día, si é consciente de eso e se lle advertiu moitísimas veces, está o sonido, está o youtube e ela tirou cara adiante. O que acaba de facer o anterior alcalde e o seu grupo foi isto e ogallá non colla outros catro anos de goberno porque acaba con todo.

Prosegue dicindo respecto o Sr. Trigo que os que estean con el non terán problema pero os que estean na súa contra e, sobre todo os veciños de Fene, estarán absolutamente aniquilados, porque acábase de ver o que é o grupo municipal do BNG, que non están nin se lles espera, máis a concelleira de Esquerda Unida que é un tema á parte, xa que de perlas ten cheas as actas dos Plenos.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que agradece o resumo feito, pero non preguntou por iso, senón por cousas que hai pendentes. Di que asume a parte de responsabilidade de cando participaron no goberno, 13 meses. Quere matizar que cando se fala dos parques infantís de 2015, que foi un lavado de cara que se fixo coas baixas doutros proxectos e que se fai no 2016. A súa responsabilidade é por uns meses e non por todo o ano.

De seguido intervén o alcalde que dille que é consciente diso, que ademais deste tamén quedou o proxecto da Rañoa.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que o seu grupo no Pleno no que se tratou a desafectación das escolas dixo que se se traía unha que se trouxeran todas as demais. Entende que son dúas cousas distintas, unha ir desafectando as escolas para que sexan propiedade municipal e se poida intervir nos edificios cando sexa preciso e outra será, unha vez desafectadas, se se fai algunha intervención ou non.

A continuación intervén o alcalde que dille que o problema que houbo coa desafectación da escola de Magalofes foi que implicaba un cambio de antena de Radio Taxi e dos Radio Aficionados, aínda que aclara que non vai haber ningún cambio, todo isto sen informar nada aos veciños que viven preto da algunha antena.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di respecto do premio Ramón Souto que lle deron tres cuestións que non saben de onde saen. Pódese sentar co técnico correspondente pero pensa que o procedemento é que se sente a concelleira responsable. Reitéralle que cando se informa algo negativamente hai que acompañar o fundamento xurídico que o xustifica para os efectos da súa comprobación, non é axeitado dicir sen máis que non é xuridicamente posible facer iso ou aquilo. Persoalmente pensa que se pode facer e se non se pode hai que saber ata onde non se pode e salvar no posible as bases que viñeron a este Pleno.

De seguido intervén o alcalde que quere deixar constancia na acta unha aclaración sobre a factura de 80,00 euros. O día que foi a San Valentín a falar coa encargada da cafetería do CPS se lle deu un concepto para poñer na factura que foi o de colaboración do Concello de Fene coa Asociación a Cantareira pola camiñata de Ribadeo a Tui. Curiosamente a primeira factura que mandou a enviou sen concepto, como se todos os que estivesen alí estivesen de copas e cervexas no CPS de San Valentín. Foi casualidade que xusto se presentou a factura a concelleira do grupo municipal do BNG Sandra Permuy presentou un escrito solicitando copia da factura segundo entrou no Concello. Unha vez que se comprobou a factura devolveuse ao CPS de San Valentín indicándolle que ten que indicar o concepto polo que no seu momento se lle dixo e volveuna presentar mal. Pensa que estas cousiñas deben quedar reflexadas na acta porque xa se ve por onde veñen e mañá estará na prensa. O que se comentou aquí e se dixo non doe pero o informe que fixo secretaria e intervención na lexislatura pasada respecto das cuestións que tiña o concelleiro Juventino Trigo e a súa axencia Trigosegur co Concello de Fene ten tela e hoxe estaría imputado.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.51 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.